

O PRONOME PERSOAL ÁTONO. FORMAS. COLOCACIÓN.

NÚMERO	PERSOA E XÉNERO		NON REFLEXIVO		REFLEX.
			DAT.	ACUS.	
SINGULAR	1ª		me		
	2ª		che	te	
	3ª	MASC.	lle	o, lo, no	se
		FEM.		a, la, na	
PLURAL	1ª		nos		
	2ª		vos		
	3ª	MASC.	lles	os, los, nos	se
		FEM.		as, las, nas	

Entre as particularidades a resaltarmos están as seguintes:

a) na primeira persoa **me** e **nos** poden ser **CD** e **CI** (tamén reflexivos); cando a primeira persoa de plural dos verbos vai seguida de **nos**, perde o -s (*Queimámonos* / Non nos queimamos).

E fónomos á galería e sentámonos ás escuras.

b) na segunda persoa **te** é **CD** (e reflexivo) e **che** **CI**, en tanto o plural **vos** pode ser CD, CI e reflexivo:

*O aguillón que che meten é de aceiro
e con el muita forza te asoballa.*

*Quixera collerte sola
e contarch'o meu querer.*

Como formas de cortesía úsanse o, a, os, as (CD) e lle, lles (CI):

*O boticario: ¡Que Deus o ampare, meu santo!
A morte: ¿E logo non me podería dar unha meiciña pagándolla ben?
O boticario: Polo seu precio véndolle a botica enteira.*

(Castelao, OC 1,352)

c) na terceira persoa **o**, **a**, **os**, **as** son as formas que funcionan como CD e **lle**, **lles** como CI.

As formas de acusativo presentan

c.1) os alomorfes **lo**, **la**, **los**, **las** tras:

- formas verbais terminadas en -r, -s (*Vou collelo*; *Ti valo coller*),
- os pronomes **nos**, **vos**, **lles** (*Déunolo*; *Víronvolo*; *Deixáronllelá*)
- e os **adverbios u** (*o neno, ulo?*) e **eis** (*O neno? Eüo*);

c.2) e os alomorfes **no, na, nos, nas** tras

- formas verbais terminadas en ditongo decrecente ou homoxéneo (*Saudeino; Viunas*)
- ou -n dialectalmente (*Víronno; Ponno*), fronte ás solucións normativas Vírono, Pono'.

O italián quítase o borsalino gris pérola, ponno nunha silla despoixas de soprar no asiento

Se despois do -n dos verbos, dos adverbios *non, ben, tamén*, dos pronomes *alguén, ningún, quen*, da conxunción *nin* e da preposición *sen* viñer o pronome de acusativo *o, a, os, as*, o -n poderá realizarse como alveolar en vez de velar.

As formas pronominais átonas de acusativo **o, a, os, as** non contraen nunca con preposición (*Por as veres antes non chas dou; De o sabermos non viría*); así pois, se o pronome persoal de acusativo antecede un infinitivo ou xerundio e vai precedido de preposición, non se dá a contracción: *De o faceres así, sairache mal; En o vendo, avísame; Con o lermos, chega; Fostes alí por o verdes*.

A oposición das formas de dativo **lle / lles** dialectalmente neutralízase a favor do singular, mais non no galego estándar (*Regaleille un libro ao neno / Regaleilles un libro aos nenos**):

O máis doado é que Antonio, xa posto nisa teima de non se lucrar, lles dé aos mil pesos un emprego dadivoso.

As formas átonas de dativo de primeira persoa (**me, nos**), de segunda (**che, vos**) e de terceira (**lle, lles**) poden concorrer nunha mesma cláusula coas formas de acusativo de terceira persoa, formando contraccións:

DAT. \ ACUS.	O/LO	A/LA	OS/LOS	AS/LAS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas
NOS	nolo	nola	nolos	nolas
VOS	voló	vola	volos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

As formas **o, lo** e **no** (cos correspondentes femininos e plurais) son variantes combinatorias, de maneira que cada unha delas aparece nuns contextos fonéticos específicos en que non poden aparecer as outras: **lo** úsase cando o pronome é enclítico dunha **forma verbal** (excluído o participio) **ou pronominal rematada en -s ou -r** (coller - collelo, colles - cóllelo) e tras o adverbio *u* (antes *ub: ulo?); **no** úsase tras as **formas verbais que acaban en ditongo** (fai - faino; dei - deina; comeu - comeuna; feriu - feriuo; deixou - deixouna); **o**, en fin, **úsase en todos os outros casos** (collo - cólloo, collín - collino, fan - fano, non vexo - non o vexo, mal vexo - mal o vexo etc.).

Funcións. Serie átona.

A serie átona está constituída polos pronomes clíticos, formas de acusativo e dativo que na realidade son morfemas do verbo que indican, principalmente, se este leva CD e/ou CI:

*Olvidácheme, olvideite,
nada che quedei debendo;
déchem'a carta de pago,
douch'o recibo correndo.*

(R Ballesteros, CPG I, 80)

Isto é, os clíticos son propiamente morfemas verbais marcadores da relación do verbo cos seus complementos, igual que os morfemas de número e persoa son marcadores da relación do verbo co seu suxeito".

Existen formas exclusivas de acusativo (*te, o, a, os, as*, cos seus alomorfes) e formas exclusivas de dativo (*che, lle, lles*), en tanto que outras (*me, nos, vos*) son de dativo e de acusativo.

a) Clíticos de acusativo.

As formas de acusativo son marcas das funcións sintácticas de complemento directo, de atributo ou complemento predicativo e de suxeito dun infinitivo, e tamén poden desempeñar a función pragmática de índice funcional do suxeito.

Complemento directo

De acordo coa función do acusativo latino, a función primeira e máis importante dos clíticos de acusativo é a de seren marca da función de complemento directo (*Non as vin*); se o CD se despraza ao inicio da cláusula, este reaparecerá pronominalizado polo correspondente clítico de acusativo ao lado do verbo (*El sabe a verdade -> A verdade sábea el*):

*-A romaría xa a viches,
afoliada xa afixeches;*

(P. Ballesteros,CPGI, 82)

Atributo concertado e non concertado.

Os clíticos de acusativo tamén poden marcar a función de atributo ou complemento predicativo do suxeito (vid. 8.2.7) (*Parece tonto mais non o é*)\ cando se tratar da atribución dunha propiedade úsase normalmente o masculino singular invariábel, isto é, non hai concordancia do clítico co suxeito (*Estás enferma? -Non o estou*):

Se o atributo ou predicativo do suxeito serve para identificar este, entón prodúcese polo xeral a concordancia (*Es ti a enferma? -Non a son*):

Mais ista dispón e goberna como ama da casa. E defeito, éa.

Suxeito dun infinitivo.

Se o suxeito do infinitivo e o do verbo rexente son diferentes, entón o primeiro exprésase a través dun pronome acusativo que á súa vez é CD do verbo principal (*Mandei que el saíse = Mandei no saír; Deixou que ti entrases = Deixoute entrar; Fixo que eles sentasen = Fíxoos sentar*);

normalmente, este verbo principal ha de ser de percepción (*ver, ouvir, escoitar, sentir*) ou causativo; (*facer, mandar, deixar*):

O carceleiro é da túa devoción e deixarate pasar coma entraches aquí...

Polo camiño botaron as súas contas: mandaríanos entrar e entrarían

Mandouno tocar a toda présa, pero os bicos non se lle xuntaban e o corno non sonaba.

Os veciños escoitárono berrar con voz humán.

Entre estas construcións teñen un papel relevante as causativas con *facer* + *infinitivo*, en que o suxeito de facer é, de acordo coa función semántica, o 'axente causante' da acción expresada polo infinitivo e o clítico é o 'axente causado', que realiza a acción obrigado polo primeiro (*Os homes fixéro no marchar* = *Os homes obrigaron a el a marchar*).

mais cando non topo pechada-las portas os cans saíenm'elas e fanme fuxir.

Tamén pode ser outro verbo ligado ao infinitivo mediante preposición o que leve un clítico como CD que á súa vez sexa suxeito do infinitivo (*Obrigouno a que el marchase* - *Obrigouno a marchar*; *Privou a ela de que aprobase* = *Privouna de aprobar*), aínda que xa estamos perante outro tipo de construción diferente.

Existe a posibilidade, en determinados casos, de que a forma de dativo substitúa a de acusativo como suxeito dun infinitivo, segundo se verá a seguir.

Índice funcional de suxeito

Os clíticos de acusativo poden ser así mesmo indicadores funcionais de suxeito, sempre con verbos tradicionalmente chamados intransitivos ou máis propiamente transitivos circunstanciais (vid. 4.1) (*estar, ir, vir, quedar, aparecer, andar, seguir, saír*) e cun deíctico ou mostrador (aí, así, velaí, eis) antecedéndoo (*Aí o vén; Aquí as veñen; Alí o vai; Aquí o está; Velaí as están*). (Este tipo de construción é máis característica da zona sul-occidental do territorio galego e non se coñece na provincia de Lugo). Xa a achamos nun romance das Festas Minervais de 1697:

*Ora, eilo vai, meus fidalgos,
os prólojos encurtemos*

Tal construción dáse con verbos que indican movemento ou non estáticos, e o clítico, sempre de terceira persoa, vai anteposto ao verbo, sendo o seu referente o mesmo que o do suxeito (*Aí o vén* = *Aí vén el*). Aparece entre dúas formas tónicas, o deíctico e o verbo (*Aí as van*).

O clítico concorda co suxeito a que se refire en xénero e número (*Os nenos? Aí os van; A nena, aí a vai*); mesmo é compatíbel co suxeito, sen necesidade de o topicalizar, se este é un pronome (*Aí as veñen elas*).

Canto á súa función, non pode ser suxeito por ser átono e por non ser habitual a dupla mención do suxeito (*Aí o vén el*)TM, nin CD porque concorda co verbo, que non pode levar tal complemento, e alén diso o clítico funciona semanticamente como axente; nin tampouco pode ser atributo ou predicativo, pois non hai clasificación nin correferencia, non di nada sobre o suxeito (nin a maneira

en que este se acha nin o modo en que realiza a acción). O máis lóxico é pensarmos que non se trate de ningunha función sintáctica, senón que a súa presenza na cláusula veña condicionada por unha determinada estrutura informativa, como acontece co dativo de solidariedade: se estes pronomes non teñen intervención nos feitos relatados, se non cumpren unha función sintáctica, entón é que teñen que ver coa estrutura informativa, coa maneira de presentar a información.

Así pois, a construción *Aí o vén* será unha maneira de pór en relevo non os participantes do discurso (falante e ouvinte), senón o actor de que se fala (o que realiza a acción de ir); quen está a centrar a información non é o ti nin o eu, senón o el. Por tanto, a función do clítico é, máis do que sintáctica, Informativa, cunha intención sinaladora e de atracción do interlocutor cara á persoa do axente da acción; isto é, o clítico de acusativo é neste caso un indicador funcional do suxeito, un "reidentificador" dunha frase nominal presentada "en anáfora ou en catáfora, ou implicitamente na situación comunicativa"

a) Clíticos de dativo.

As formas dos pronomes persoais átonos de dativo poden ser marcas da función sintáctica de complemento indirecto e de suxeito dun infinitivo, e tamén poden desempeñar as funcións pragmáticas de dativo posesivo, dativo de solidariedade e de dativo de interese.

Complemento indirecto

A función sintáctica característica do dativo é a de CI, que pode indicar diferentes relacións. Así, en *Compreille un libro* o clítico pode expresar a persoa de procedencia (a quen) ou o destinatario (para quen). O pronome átono como marca de CI non exige a presenza da forma pronominal tónica correspondente precedida da preposición *a*, mais, ao contrario, a presenza desta última exige o primeiro (*Deixeiche un caderno* / **Deixei a ti un caderno*); a opción por unha ou por outra posibilidade (*Deiche un libro* / *Deiche a ti un libro*) é de natureza estilístico-expresiva e por tanto pertence ao ámbito da pragmática.

De a función de CI estar desempeñada por unha frase nominal con realización lexical precedida da preposición *a*, o galego tende a usar pleonasticamente tamén o clítico de dativo como marca de función (*Dille ao señor que veña* / *Di ao señor que veña*)

Suxeito dun infinitivo.

Para alén do acusativo, xa visto con anterioridade, tamén o dativo pode ser suxeito dun infinitivo cando este é suxeito dun verbo unipersoal (*Cómprelle aprobar este ano*) ou cando leva un CD expreso" (*Deixoulle ler a carta*):

fíxolle firmar un poder pra que o señor Tutano adeministrase. (Otero,AM48)

A pesar de existiren na realidade da lingua diferentes realizacións de carácter dialectal e certas interferencias ou desvíos, a norma xeral debe ser o emprego do clítico de acusativo como suxeito dun infinitivo dependente dun verbo causativo (*Mandeino marchar*; *Deixoute caníar*; *Fíxenas vir comigo*), podendo tamén empregarse o clítico de dativo cando o infinitivo levar un CD expreso (*Deixoulle ver a televisión*; *Fíxolle canlar unha canción*; *Mandoulle facer os deberes*).

Dativo posesivo.

O dativo posesivo (ou dativo simpatético) indica posesión, pertenza ou outros valores similares a respecto dun elemento da frase que designa partes do corpo, obxectos persoais, parentesco etc., establecendo relacións propias dos pronomes posesivos (*Escoitei a súa voz / Escoitei a voz del / Escoiteille a voz; Agarrou a man da filla / Agarrou a man dela / Agarrou a súa man / Agarroulle a man; Collín o teu lapis / Collinche o lapis; Dóeme a cabeza*).

A pesar da súa estreita vinculación co CI, que nos permite consideralo como un caso especial dentro del, porén o dativo posesivo non se comporta, dentro do cadro sistemático dos actantes, como un verdadeiro complemento indirecto tradicional ou terceiro actante. Así, o valor do dativo é diferente en *Vendéronlle os bois*, segundo **lle** sexa dativo posesivo (*Vendéronlle a outro os bois que eran del*) ou CI (*Vendéronlle a el os bois que eran doutras persoas*)\ en *Vendéronlles os bois* (a el) desfariase a ambigüidade, pois o clítico só pode ser dativo posesivo.

Dativo de solidariedade.

O dativo de solidariedade constitúe unha característica peculiar do galego descoñecida nas linguas do seu contorno, cando menos na súa codificación estandarizada. Designa un receptor que non participa nos feitos e que o emisor quere facer pasar ficticiamente como tal participante (recibindo deles beneficio ou dano), co obxectivo de manter a súa atención e garantir a súa complicidade solidaria. Refírese, pois, ao receptor como tal e non propiamente como participante. Ten de ser necesariamente un clítico de segunda persoa e para a súa aparición é preciso certo grao de familiaridade co interlocutor e un contexto coloquial e/ou afectivo. Ao non paricipar realmente dos feitos, isto é, ao non ser un verdadeiro actante, non desempeña ningunha función sintáctica (non é CI, nin CD, nin suxeito etc.), senón pragmática ou informativa, unha función comunicativa que procura atraer e comprometer a conformidade do receptor, mantendo aberta a comunicación; unha función, pois, que pertence máis ao ámbito discursivo do que propiamente ao ámbito da cláusula". En *A señora comprouche un regalo* o clítico **che** pode ser CI ou dativo de solidariedade, segundo designar o destinatario do regalo (CI) ou o destinatario da información (dativo de solidariedade).

As formas clíticas que desempeñan a función de dativo de solidariedade son **che, vos e lle, lles**, estas para o tratamento de cortesía, todas elas coincidentes coas de CI dada a vinculación deste coa función semántica de receptor, beneficiario ou prexudicado. Mais o dativo de solidariedade non admite a presenza simultánea do pronome tónico precedido da preposición *a* como o CI (*Deuche a ti o agasallo / *Tenche a ti moitos anos*) nin a súa ausencia afecta as funcións sintácticas da cláusula (*Tenche moitos anos / Ten moitos anos\ mais Deuche o regalo i Deu o regalo*). **Che** é a forma máis habitual e o clítico de solidariedade por excelencia por seren tamén os dativos de solidariedade máis propios dun contexto en que se dá un tratamento de confianza ou de familiaridade, así como por tamén ser máis frecuente un Ínterlocutor singular do que un plural; **lle** supera á súa vez amplamente o uso de **vos**, sendo **lles** o menos empregado, en parte tamén por se producir nunha grande parte do territorio a neutralización da oposición **lle / lles**.

O dativo de solidariedade é compatíbel con todas as funcións (sintácticas, pragmáticas ou de calquera tipo) que poden desempeñar os clíticos dentro da cláusula: co dativo CI (*Xa che me parecía a min*), co dativo posesivo (*Morréuchelle a avoa; Dóecheme a cabezá*), co dativo de interese (*Non che me come nada*), co acusativo CD (*Deus che me libre!*) co acusativo atributo (*Parece tonto, mais non cho é*), co acusativo como indicador funcional de suxeito (*Velaí cho vai teu irmán*), con dativo ou acusativo suxeito dun infinitivo (*Fixocho ir a Vigo; Mandéichelle contar un conto*), co reflexivo en función de CD (*Os rapaces lávanseche todos os días*) e como formante

léxico (*Non **che** me queixei nada en toda a noite; Fóise**cheme** para o estranxeiro*) ou mesmo con se como signo de indeterminación do axente (*Falouse**che** de política durante toda a sesión*).

Dativo de interese.

O dativo de interese (ou dativo ético) indica a persoa que ten un especial interese na acción ou que está preocupada polo resultado que dela derivar, pois de aí podería obter proveito ou dano principalmente do punto de vista afectivo-emocional"; é de uso frecuente na linguaxe coloquial e tamén aparece esporadicamente na lingua literaria que a reflicte:

*pero ti tes unha madre
que te non me deixa ver.*
(P. Ballesteros, C7G 1,15)

E alá se me van os dous alegres e confiados
(G. Barros, Contiños 218)

As formas son as mesmas que as de CI (**me, che, lle, nos, vos, lles**): *O neno non me come nada; O fúlo saíu**che** un pillabán*; Debedes intentar que os nenos **lle** estean quietos. É compatíbel co CI, co dativo posesivo e co dativo de solidariedade: *O meu home non **che me** toma os medicamentos (**che** dativo de solidariedade + **me** dativo de Interese)*; *Morréu**chelleme** a nai a un amigo (**che** dativo de solidariedade + **lle** dativo posesivo + **me** dativo de interese)*; *Teño un só fillo, Deus **lle me** dea saúde (**lle** CI + **me** dativo de interese)*.

O dativo ético non cumpre unha función sintáctica, senón que pertence ao ámbito discursivo e a súa función é pragmática, con dependencia do texto e non da cláusula como o CI ou do substantivo como o dativo posesivo, na liña do que acontece co dativo de solidariedade. Mais a diferenza deste, non se trata de ningún trazo específico do galego, senón que tamén está presente nas linguas do seu contomo, como o castelán, e mantense no portugués actual como unha continuación da súa presenza no galego-portugués arcaico.

3.2.4. Posición dos clíticos

A colocación das formas átonas do pronome persoal constitúe unha das particularidades máis relevantes, e ao mesmo tempo complexas, do sistema lingüístico galego-portugués, que se mantivo sen mudanzas significativas desde a época medieval até a actualidade e que no substancial conserva un comporíamento a este respecto unitario e singularizador fronte ás demais linguas romances. Existen en galego unhas regras xerais de colocación dos clíticos que se ven moitas veces modificadas por aspectos como as pausas, a énfase ou a orde inhabitual de palabras, de forma que só desde a óptica das estruturas informativas é que un número importante de casos de colocación poden ser convenientemente explicados; por iso volveremos sobre a cuestión nas páxinas finais desta obra, ao tratarmos de sintaxe e pragmática.

Aterémonos, pois, agora ás normas de natureza sintáctica na consciencia das súas limitacións e da necesidade de complementación coas pautas que a pragmática determina. Por se tratar de partículas átonas, os pronomes átonos están suxeitos ao fenómeno da cliticización, que os fai depender foneticamente da palabra que os antecede ou que os segue. De aí que sexan dúas as posicións, énclice e próclise, que os clíticos poden adoptar a respecto do verbo, de que, como vimos

anteriormente, son morfemas flexivos e índices funcionais. A posición posverbal ou enclítica é a non marcada, en canto que a preverbal ou proclítica actúa como posición marcada. Para tentarmos sistematizar esquematicamente as regras sintácticas de colocación dos clíticos cómpre distinguirmos os casos en que estes van en cláusulas cun verbo finito daqueles outros en que están a depender dun infinitivo ou dun xerundio.

3.2.4.1 . En cláusulas con verbo finito.

Nas cláusulas con verbo finito o clítico adopta a posición posverbal ou preverbal de acordo coa tipoloxía a que esas pertenceren, para alén de factores pragmáticos:

1 . Enclise.-

A colocación non condicionada ou espontánea en galego é a enclítica ou posverbal, que se dá nas cláusulas simples declarativas non negativas en que a orde de palabras é a habitual, nas cláusulas que conteñen a función nuclear de predicado (cláusula principal ou dominante), nas cláusulas non introducidas por un nexo conxuntivo, expreso ou non, e nas que van introducidas por nexos copulativos e adversativos:

Hoxe a moda ándache en todo, hasta no rezar.

Un clítico non se pode colocar nunca en posición inicial absoluta nin inmediatamente despois de pausa, salvo na repetición de estruturas sintácticas en que o pronome átono precede o verbo ou cando entre o suxeito e o pronome átono proclítico se interpuxeren outros elementos separados por vírgulas:

Na súa sinxeleza Martiño inritábase de que a xente os descoñecera, os tratará de tolos. ¿Non tiñan un fermoso nome: galeguistas? Il non podía entendere que os tíos e tías, e persoas formales da súa casa, que eles os homes falaban acotío en galego, i elas desdibuxaban con acento galego as verbas castelás, os tiveran por uns desacougados revolucionarios. (Otero, D 70)

Así, salvo en casos de énfase, levan o pronome en posición enclítica as cláusulas (tamén simples e principais) en que antes do verbo van os **adverbios: de modo** (moitos acabados en -mente), **de lugar** (salvo os presentativos), **de tempo** (menos xa, sempre, aínda), **de afirmación e negación** cando seguidos de pausa (Si, **paréceme** correcto; Non, **paréceme** incorrecto), **de orde e de realce**, que exixen sempre a énclise porque a pausa é moito máis perceptíbel (*Primeiramente, direille a verdade; Sobre todo, dareille os parabéns*).

É así mesmo posíbel a posición enclítica nas cláusulas introducidas por unha conxunción ou locución conxuntiva, á parte das copulativas e das adversativas, cando o nexa está afastado do pronome e se perde o sentido de relación con este, ou ao realizarmos unha pausa despois do nexa, nunha especie de rectificación frecuente na fala (*Xa sabes que... fíxollas pasar moi negras*). Na realidade, algúns nexos teñen un comportamento variábel, dependendo a próclise do seu verdadeiro valor de nexa subordinante ou da existencia dunha pausa a continuación (*Nada posuía, pois entregárallo todo aos pobres / Pois mo preguntas, direicho; Así que me viu, calou / Así que, recólleos e non volvas por aquí*). Por exemplo, coas consecutivas a énclise é frecuente (*Portouse tan mal que a nai castigouno*), pois non provoca próclise en moitos casos (*Pois vasme facer o favor de calares*), a causal *porque* pode admitir unha pausa tras si e por tanto evitar a anteposición do clítico (*El non foi preso porque... tíñalle moitos amigos*) e que, pola súa polivalencia, tamén pode ir en ocasións seguida de énclise, sobre todo con valor causal e concesivo (*Iso é como che digo, que eu crieime alí*).

2. *Próclise*.-

A condicionada é a posición proclítica ou preverbal, que ocorre nos seguintes casos:

a) nas cláusulas, tradicionalmente chamadas subordinadas, introducidas por nexos conxuntivos, expresos ou non (*Dixo que **te** avisaría*), menos os copulativos (*Viuno e deixouno marchar*) e os adversativos (*Viuno, mais deixouno marchar*), os primeiros por introduciren cláusulas do mesmo nivel xerárquico e os segundos por admitiren unha pausa:

Mandoume prá casa e doume dous pesos.
(Cunqueiro, EM 93)

b) nas cláusulas desiderativas (ou ponderativas) en que o suxeito precede o verbo (*O demo **me** leve!*; *Un raio **te** parta!*; *Deus **me** valla!*):

c) nas cláusulas enfáticas, cando se quere salientar por focalización o suxeito ou calquera outra palabra en particular, sobre todo ao se romper a orde sintáctica normal (*Vós **o** quixestes*; *Fácil **o** tendes*; *Eu **o** sei*; Bastante **che** fixo).

d) cando antes do verbo vai algunha das seguintes palabras non seguida de pausa, o pronome átono tamén se coloca en posición preverbal:

- unha palabra a indicar negación: *non, xamais, nada, nin, tampouco, ningún* (*Non **cho** dixo*).
- un exclamativo ou interrogativo (*Que **che** dixo?*; *Como **vos** quedou!*):
- os pronomes *algo, alguén, ambos, calquera, todos* (*Ambos **o** viron*); os demais identificadores e cuantificadores levan pronome enclítico, salvo en casos de énfase (*Algúns dixéron**mo***):
- todos os adverbios de dúbida (*talvez, quizais, seica*), de cantidade (*moito, moi, ben, ían, tanto, nada, demasiado, bastante, algo, pouco, máis, menos*), de limitación (*só, apenas, case, simplemente, soamente, unicamente*), de inclusión (*tamén, mesmo, até*), de identificación (*tal, talmente, mesmo, mesmamente*) e os presentativos de lugar (*eis, velaí, velaquí*).
- os adverbios de tempo *xa, sempre, decote, aínda* (*Sempre **llo** dixera*).

O comportamento dos adverbios é moi complexo: os que admiten pausa (e, por tanto, o inicio dun novo grupo fónico a seguir) exigen a éncise (*Regularmente, irante**te** ver*); os que a non admiten costuman provocar a próclise do pronome (*Moito **me** parece*); con outros adverbios son posíbeis as dúas opcións segundo estiveren topicalizados ou focalizados e tamén de acordo co seu valor significativo: *Logo, lévo**che** o café* (logo = 'despois') / *Logo **che** levo o café* (logo = 'axiña'):